

## AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO, AXUDAS MATERIAL ESCOLAR E INCLUSIÓN NO FONDO DE LIBROS

DOGA DO 20 DE MAIO DE 2025

### Estimadas Familias:

Como todos os anos, convócase o prazo de solicitude para axudas de adquisición dos libros de texto, axudas para material escolar e inclusión no Fondo de Libros.

É obriga conservar os libros de texto en bo estado xa que ao remate do curso escolar 2025/2026 devolveranse ao Centro para ser incluídos no banco de libros de préstamo para cursos sucesivos, agás 1º e 2º de Educación Primaria por ser material non reutilizable.

**Cálculo de Renda Anual das familias:** a renda calcúlase sumando as caixas 435 e 460 da Declaración da Renda de 2022 dos membros que formen a unidade familiar e dividindo o resultado entre o número de membros da mesma, computarán por dous os que teñan unha discapacidade igual o superior ao 33%.

**Os proxenitores separados con custodia compartida formarán a unidade familiar cos fillos que teñan en común.**

**AXUDA LIBROS DE TEXTO** só para 1º, 2º E. Primaria e só para libros de texto.

<b>1º e 2º Primaria</b>	
Renda per cápita 2022 unidade familiar (dividido polo nº membros computables)	Importe axuda alumno/curso
ata 6000 euros	240 €
De 6000,01 a 10,000 euros	160 €

### ALUMNOS CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO:

**AXUDA LIBROS DE TEXTO** alumnos con Necesidades específicas de Apoio Educativo (NEAE) cando non utilice os libros de texto do curso no que está matriculado e non existan libros axeitados no fondo solidario en ningún curso.

<b>3º 4º 5º 6º Primaria</b>	
Resda per cápita 2022 unidade familiar (dividido polo nº membros computables)	Importe axuda alumno/curso
ata 6.000 euros	240€
De 6000 a 10,000 euros	160 €

<b>1º 2º 3º e 4º ESO</b>	
Renda per cápita 2022 unidade familiar (dividido polo nº membros computables)	Importe axuda alumno/curso
ata 6000 euros	270 €
De 600,01 a 10,000 euros	180 €

Para os alumnos con discapacidade igual ou superior ao 65% a contía da axuda será de 300 euros con independencia da renda per cápita da unidade familiar.

Os alumnos que estean en situación de garda ou tutela da Xunta recibirán a axuda de maior contía correspondente ao ensino e curso en que estea matriculado con independencia da renda.

**INCLUSIÓN FONDO LIBROS:** Para os alumnos de 3º,4º,5º é 6º E. Primaria é 1º,2º,3º é 4º E.S.O.

3º- 4º- 5º- 6º E. Primaria	
1º- 2º- 3º- 4º E.S.O.	
Renda per ca pita 2022 unidade familiar (dividido polo nº membros computables)	Libros Fondo alumno/curso
ata 6000 euros	6 Libros
De 6000,01 a 10,000 euros	4 libros

Os alumnos en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% 6 libros con independencia da renda.

**AXUDAS MATERIAL ESCOLAR:** para tódolos cursos de Primaria e Secundaria, con renda per cápita igual ou inferior a 10.000 euros.

1º2º3º- 4º- 5º- 6º E. Primaria	
1º- 2º- 3º- 4º E.S.O.	
Renda per cápita 2022 unidade familiar (dividido polo nº membros computables)	Importe axuda material
Ata 6000 euros	75 euros
De 6000.01 ata 10.000euros	60 euros

O alumnado con discapacidade igual ou superior o 65% ou en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia será beneficiario desta axuda con independencia da renda.

**É requisito fundamental para recibir a axuda de libros, material ou fondo libros ter devoltos os libros de texto adquiridos coas axudas do curso 2024/2025, o prazo para a devolución remata o 20 de xuño.**

As solicitudes se presentarán preferiblemente por vía electrónica nos formularios formalizados dispoñibles na aplicación informática fondolibros (<https://edu.xunta.gal/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Tamén poderá presentarse na Secretaría do Centro entregando a documentación que se detalla a continuación:

- **Modelo da Solicitud:** “ANEXO I e ANEXO II” Pode descargarse dende a páxina web do Centro ([www.colegiogvigo.com](http://www.colegiogvigo.com)) ou ben en (<https://edu.xunta.gal/>).
- **No caso de ter máis dun fillo matriculado no centro a solicitude será única para todos eles, e nela especificarase o nivel de estudos de cada un no curso 2024/2025**
- Orixinal e fotocopia do Libro de Familia no que figuren tódolos membros da unidade familiar, se a unidade familiar é distinta ao reflectido no libro de familia entregarán Certificado de Convivencia.
- No caso de familias monoparentais nas que conviva un só proxenitor ou titor co alumno, deberá acreditarse documentalmente esta circunstancia (sentenza xudicial, convenio regulador..)
- No caso de discapacidade dalgún membro computable da familia a consulta será telemática agás que se opoñan expresamente á consulta, neste caso deben presentar en papel o certificado de minusvalía.
- No caso de que o pai ou nai estea falecido deberán presentar certificado de defunción.

**Coa sinatura da instancia, o solicitante da axuda declara baixo xuramento que reúne o requisito de ingresos da unidade familiar que fai constar, e queda sometido ó réxime de infraccións e sancións regulados na Orde de convocatoria de axudas.**

**Prazo de solicitudes: remata o 20 de xuño de 2025**